

DOMINGO 2 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 49, 3. 5-6

Fareite luz dos pobos, para que se dea a miña salvación

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Díxome o Señor: "Ti es o meu servo, Israel, de ti virame a sona".
"Serei glorificado coa presenza do Señor, e o meu Deus será a miña forza".
Pois agora -fala o Señor que desde o seo da nai me formou para ser o seu servo,
para facer voltar onda El a Xacob e para que Israel se xunte con El-:
"é moi fácil para ti ser o meu servo,
restablecendo as tribos de Xacob e facendo voltar os protexidos de Israel,
pois convértote en luz das nacións,
e serás a miña salvación ata o confín da terra".

SALMO RESP. Sal 39, 2 e 4ab. 7-8a. 8b-9. 10

R/ (8a e 9a): Aquí veño, Señor, facer a túa vontade

Esperar, eu espero no Señor:
El vólvese para min e escoita o meu lamento.
Ponme na boca un cantar novo,
louvanza do noso Deus.

Ti non queres sacrificios e ofrendas
-sobre iso abríchesme o oído-,
non pides holocaustos nin vítimas expiatorias.
Entón digo: -"Aquí veño"

Facer a túa vontade, meu Deus, é o que eu quero;
a túa lei está no fondo de min mesmo.
Proclamo a túa salvación na asemblea,
non pecho os meus labios: ben o sabes, Señor.

SEGUNDA 1 Cor 1, 1-3

A graza e a paz para vós de parte de Deus Pai e do Señor Xesús

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS

Paulo, chamado a ser apóstolo de Cristo Xesús pola vontade de Deus, así coma o irmán Sóstenes: á Igrexa de Deus que está en Corinto, aos que están santificados en Cristo Xesús, chamados a ser santos cos que en calquera lugar invocan o nome do noso Señor Xesús Cristo, Señor deles e noso, desexámosvos graza e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.

ALELUIA Xn 1, 14a. 12a:

O Verbo fíxose carne e habitou entre nós;
a cantos o recibiron deulle a potestade de seren fillos de Deus

DOMINGO 2 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Xn 1, 29-34

¡Velaí o Año de Deus, o que arrinca o pecado do mundo!

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Vendo Xoán a Xesús, que viña cara a el, dixo:

-¡Velaí o Año de Deus, o que arrinca o pecado do mundo! Este é de quen eu dixen: "Detrás miña vén un home que pasa diante miña, pois existía primeiro ca min". Eu non o coñecía, mais para iso vin eu bautizar con auga: para mostralo a Israel. E Xoán seguiu testemuñando:

-Eu vin o Espírito baixar do ceo coma unha pomba e pousar enriba del. Eu non o coñecía, pero o que me mandou bautizar con auga, díxome: "Cando vexas o Espírito baixar e pousar sobre un, ese é o que bautiza co Espírito Santo". E eu vino e dou testemuño de que este é o Fillo de Deus.